

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 16 DE NOVEMBRO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezaseis de novembro do dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José e Dona Manuela Iglesias Collarte.- Non asiste Don Emilio J. Cuiñas Otero e Don. Ignacio Gómez Pérez -

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 9 de novembro de 2009 (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

1.- EXPEDIENTE 05/12/2008/7228-L/424 DE LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

“Visto o escrito de Don José Morillo Moreno onde solicita licencia de primeira ocupación para rehabilitación de vivenda unifamiliar.

Visto o informe do aparelador municipal Don Elias Pato Rodríguez de data 11 de novembro do 2009 no que se fan as seguintes consideracións:

*Girada visita al lugar el día 11 de noviembre de 2009, compruebo que la vivienda unifamiliar se encuentra rematada y habitada por sus propietarios.
Informo favorablemente la concesión de la Licencia de Primera Ocupación.*

Visto o Informe Xurídico de data 13.11.2009 no que se fan as seguintes consideracións:

1ª.- O art. 194 paragrafo 2º da Lei 9/2002 somete a previa licenza municipal a primeira utilización dos edificios confirmando así a previsión do art. 10 do Decreto 28/99 de Disciplina urbanística de Galicia.

2ª.- De xeito semellante, pronúnciase o art. 9 (“a licenza urbanística ten por finalidade comprobar que os actos de edificación e uso do solo proxectados se axustan ao ordenamento urbanístico vixente. Así mesmo, para a concesión de licenzas verificarase se o aproveitamento proxectado se axusta ao susceptible de apropiación e se as obras e usos proxectados reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade”) e art. 10 (“están suxeitos a previa licenza, sen perxuízo das autorizacións,

licenzas ou concesións que foran procedentes con arranxo á lexislación específica aplicable, os seguintes actos: (...) 8. A primeira utilización ou ocupación dos edificios e instalacións en xeral”) do Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia, Decreto da Xunta de Galicia, do 17 de febreiro de 1999.

En liña con esta normativa autonómica, no ámbito local, o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, Decreto do 17 de xuño de 1955, no art. 21.1, establece que: “Estarán suxeitas a previa licenza (...) a primeira utilización dos edificios e modificación obxectiva do uso dos mesmos (...).

3ª.- O art. 195.6 establece que para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións se esixirá certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e se axustan á licenza outorgada ea previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais.

4ª.- A este respecto debe terse en conta o establecido nos artigos 20, 21, 22 da Lei 18/2008 polo que se aproba a Lei de Vivenda de Galicia que establece o seguinte:

“Artigo 20. Licenza de primeira ocupación:

1. *A licenza de primeira ocupación é o acto administrativo que acredita que o edificio ou vivenda cumpre os requisitos esixidos para ser destinado a uso residencial, especialmente que a obra está completamente executada e se axusta á licenza urbanística outorgada.*

2. *Unha vez concluídas as obras de execución do edificio ou vivenda, e previa recepción, o axente promotor solicitará a licenza de primeira ocupación no concello no que radique o inmovible, acompañando a súa solicitude a certificación final de obra e a acta de recepción, si se houbera outorgado expresamente, ou a acreditación da recepción tácita.*

3. *A Administración, previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, deberá de resolver expresamente a solicitude e notificar á persoa interesada a resolución no prazo máximo de dous meses, a contar a partir da data na que a solicitude tivo entrada no rexistro xeral do concello.*

Unha vez transcurrido dito prazo sen que recaiga resolución expresa, a licenza de primeira ocupación entenderase concedida por silencio administrativo.

En ningún caso entenderanse outorgadas por silencio as licenzas de primeira ocupación en contra da lexislación ou do planeamento urbanístico.

4. *Na resolución da licenza de primeira ocupación farase constar a data da acta de recepción da obra executada ou, no seu caso, a de recepción tácita.*

5. *As administracións autonómica e municipais pondrán en funcionamento un sistema de información que permita conocer os datos de ocupación das vivendas, a fin de manter actualizado o seguimento do parque autonómico.*

Artigo 21. Servizos

1. *A licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión do abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios.*

2. A Administración municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do suministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

Artigo 22. Declaración de obra nova.

As notarias e notarios e as rexistradoras e rexistradores da propiedade esixirán para autorizar ou inscribir, respectivamente, escrituras de declaración de obra nova terminada que se acredite o outorgamento da licenza urbanística, a expedición da certificación final da obra e o outorgamento, expreso ou por silencio administrativo, da licenza de primeira ocupación.”

5ª.- Así mesmo non debe olvidarse que a licenza de primeira ocupación non se poderá outorgar nin parcial nin condicionadamente e a este respecto poderíamos mencionar as SSTs do 25 de novembro do 1997 e do 23 de xuño do 1998.

6ª.- Así memo é convinte establecer a diferenza entre a licenza de apertura e a licenza de primeira ocupación e así como sinala o art. 21.2 d) do RSCL a licenza de primeira ocupación está encamiñada a comprobar se o edificio pode destinarse a un determinado uso por estar situado en zona apropiada e reunir condicións técnicas de seguridade e salubridade e, no seu caso, se o constructor cumpriu o compromiso de realizar simultaneamente a urbanización.

É dicir, a licenza de primeira ocupación non ten sustantividade propia e está vinculada á existencia de edificación e encamiñada a acreditar o cumprimento das condicións impostas na licenza de obras. Así, a sentenza do Tribunal Supremo de 18.07.97 (A Lei 1997,9129) sinala que:

“A licenza de primeira ocupación dun edificio é unha autorización administrativa necesaria, que ten por finalidade contrastar si se respetaron na realidade a licenza de construción, comprobando si se cumpriron ou non as condicións establecidas en dita licenza e controlando se o edificio reúne as condicións idóneas de seguridade e salubridade e pode habilitarse para o uso a que se destina”

Ademáis, como dicen González mariñas e Álvarez Barbeito, ambas licenzas teñen obxectos diferentes que implican a súa necesaria diferenciación. Cítanse así as sentenzas do TSX de Galicia de 19.02 e 10.04.1991 según as que:

“A licenza de primeira ocupación, como fixo notar esta Sala noutras ocasións, non solo sirve o establecemento das condicións de uso e utilización da edificación construída, senon que igualmente ten por obxeto confrontar a obra realizada co proxecto e tamen si se cumpriron as condicións lícitas no seu caso establecidas na licenza base da edificación, xa que si existe adecuación non pode denegarse a licenza de primeira ocupación, esixible nos términos dos art. 178 do TRLS 76 e 1.10 do RGU”.

“ Como xa indicou esta Sala na sentenza de 05.03.1991, a licenza municipal, de apertura concretase nun acto de control preventivo que recae esencialmente sobre a actividade...e sobre as condicións nas que se desenvolve aquela a tenor da normativa sobre protección de medio ambiente e calidade de vida”

Ou, en conclusión, como sinala a STS de 02.10.1999 (Actualidade Administrativa, 2000,118):

“A licenza de primeira ocupación de edificios e instalacións, que en ningún modo ponde se confundida nin equiparada coa licenza de apertura, ven esixida como de obtención necesaria no art. 21.1 do RSCL, non menos que no art. 10 do RDU.

A finalidade de dita licenza, explicitada de modo xenérico no primeiro parágrafo do art. 21.2 do referido RSCL, é confrontar a obra- edificio ou instalación-realizada con proxecto que serviu de soporte a licenza outorgada no seu día, e non seu caso, se efectivamente se cumpriron as condicións lícitas establecidas sen a licenza de obra.

Mediante a licenza de primeira ocupación, de natureza estrictamente reglada, comprobouse o efectivo cumprimento da licenza de obras, que obviamente debe existir, xa que o confrontar a execución da obra con proxecto que serviu de base ao outorgamento da licenza, constitúe o contido da actividade de control realizada”

7ª.- Respecto do informe técnico procura pois, máximas de experiencia ao xulgador ou xurídico; verbigratia, se nun proceso foi probada a existencia de fisuras na construción dun edificio, o xulgador ou xurídico necesita que o perito lle dea máximas de experiencia, é dicir, os coñecementos técnicos para que aquel poida dilucidar a incidencia desas fisuras na ruína da edificación, porque a decisión depende do saber especializado (por todas, voces doutriniais solventes no noso ordeamento xurídico como as de Cortés Domínguez, García de Enterría, Tomás Ramón Fernández, Lisardo Fernández, Gimeno Sendra, Moreno Catena, Almagro Nosete, etc).

Un informe pericial, a maior abastanza, debe especificar, no seu caso, se cada anomalía detectada é ou non legalizable, e no caso das ilegalizables ou eventualmente ilegalizadas, se se trata de simples desaxustes ordinarios, ou pola contra, se se aloxan da poquedad técnica na procura dun propósito de maior lucro/aproveitamento/beneficio para os responsables (art.3.a) , 54.1.c, 107 a 109 e 113.11.c do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro en relación co art. 175.c do R.O.F.).

O antedito trascende, porque o Tribunal Supremo ten afirmado que, a aplicación do principio de proporcionalidade na disciplina administrativo-urbanística esixe que se teña producido unha desviación de escasa entidade entre o proxectado e o construído de forma que a eventual demolición que se levase a cabo pugnara con principios de xustiza material dados os efectos negativos que se producirían sobre o conxunto da obra realizada (st. TS 21.06.94 RJ 5338) esta liña xurisprudencial mantense na actualidade por exemplo, na st T.S. 23.05.06 ao suliñar que o estudado principio impide acordar a demolición cando se trate de desaxustes insignificantes.

CONCLUSIÓNS:

En base os argumentos expostos infórmase favorablemente o outorgamento de licenza de primeira ocupación a favor de **Don José Morillo Moreno**.

A Xunta de Goberno Local, en uso das facultades delegadas pola Alcaldía, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Conceder Licenza de PRIMEIRA OCUPACIÓN a Don José Morillo Moreno para rehabilitación de vivenda unifamiliar, sita na estrada N-120

Segundo.-Comunicar o presente acordo ao interesado

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

1º.-INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

1.-“Solicitude de información urbanística interesada por **Entorno Fértil del Norte, S.L.**, con domicilio a efectos de notificación en Vía Pasteur, No.41-43, Oficina 9, Polígono del Tambre, na localidade de Santiago de Compostela, con número de rexistro de entrada No. 6793. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 11.11.09.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Carretera Provincial OU 0303, na localidade de Valdepereita (OU 211) Maside –Santo André (Polígono 5, Parcela 590), a solicitude de Entorno Fértil del Norte, S.L., de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

2º.-INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

1.-“Solicitude de información urbanística interesada por **dona Berta Travieso González**, con domicilio a efectos de notificación , na localidade de A Franqueirán, con número de rexistro de entrada No. 6626. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 11.11.09.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito no lugar A Arquetiña, na localidade de A Franqueirán (Fincas 795 e 796 do Polígono 9), a solicitude de dona Berta Travieso González, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

3.-ESCRITO DE GESTIMA, S.L.

Dase conta por parte do Secretario do escrito da empresa GESTIMA, S.L. con data 11 de novembro do 2009 e, de R.E. 6964, no que se solicita compensación polo equilibrio económico da concesión do parking municipal.

4.-CONVENIO DE COLABORACIÓN

Dase conta por parte do Secretario do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e o Ribeiro Fútbol Clube para a utilización das instalacións deportivas municipais.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros acorda aprobar o citado convenio e a súa remisión o Ribeiro Fútbol Clube para a súa sinatura..

5.-CONVENIO DE COLABORACIÓN

Dase conta por parte do Secretario do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e a Federación Galega de Kickboxing e DD.AA., para a utilización das instalacións deportivas municipais.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros acorda aprobar o citado convenio e a súa remision a Federación Galega de Kickboxing e DD.AA.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Os membros da Xunta de Goberno Local toman coñecemento dos seguintes:

1º.-Comunicación da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras con data de entrada 16 de novembro do 2009 con R.E. 7061 relativo a remisión de expediente administrativo PO. 4254/2009, ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

2º.- Comunicación do Ministerio de Cultura pola que se resolve modificar a resolución de 30 de abril do 2009 pola que se concedía ao Concello de Ribadavia unha subvención nominativa destinada á eliminación de recheos e rehabilitación de construcións adiacentes, para modificar a actuación citada e destinar a subvención á eliminación da colonización biolóxica en diversos espazos e actualización de documentación do Castelo dos Sarmiento.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRAS E APERTURA PROVISIONAL.-

“Visto o escrito de dona Susana Silva Alonso , onde solicita Licenza de obra e apertura provisional para peluquería. Segundo Proxecto Técnico que se presenta.

Visto o informe do Aparellador Municipal de data 04.11.09 no que se fan as seguintes consideracións:

1. Antecedentes Administrativos:

- Primer Informe Técnico de fecha 29 de mayo de 2009 RE N° 3440.
- Segundo Informe Técnico de fecha 22 de septiembre de 2009 RE N° 6000.
- “Providencia” para subsanación de fecha 24 de septiembre de 2009 RS N° 2250.
- Consta el tramite, recabando “Autorización” o informe especializado de la Conselleria de Sanidad.
Expediente N° 05999/2009.
Cabe destacar del oficio de 14 de octubre de 2009 RE N° 6340: *“non se emitirá informe sanitario en relacion coa citada actividade xa que ao non existir unha regulación concreta e especifica queda fora do noso ámbito competencial”*

2. Examen de la documentación técnica aportada:

- 2.1. Informe favorable la concesión de la licencia de obra y actividad correspondiente.
- 2.2. Una vez finalizados los trabajos se solicitara la licencia de primer funcionamiento, debiendo aportar el Certificado de Fin de Obra y lo señalado en el punto 4.3 “Ensayo” del informe de 22 de septiembre de 2009 RE N° 6000.
- 2.3. La licencia de obra y actividad se condicionara a la eliminación de los elementos que acotan al frontal del edificio según el punto 5.2 del Informe Técnico mencionado.

Visto o Informe Xurídico de data 13-11-09 no que se fan as seguintes consideracións:

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

1º.- Respecto da legalidade do outorgamento da licenza de obras debemos partir da previsión do art. 195 parágrafo 3º da lei 9/2002 que establece que se exceptúa da necesidade de presentación de proxecto técnico a execución de obras ou instalacións menores, considerándose como menores aquelas obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade constructiva e económica que non supoña alteración do volume, do uso, das instalacións e servizos de uso común ou do número de vivendas de locais, nin afecten ao deseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalación de toda clase. Así mesmo establece que en ningún caso se entederan como obras menores os muros de contención.

2º.- Por outra banda a xurisprudencia do STS entende que son obras menores aquelas caracterizadas por ser de sencilla técnica e escasa entidade constructiva e económica consistindo normalmente en pequenas obras de simple reparación, ornato, ou encerramento que non precisan de proxecto firmado por provisionais titulados nin de orzamentos elevados (STS do 21 de Febreiro de 1984), entendendo que as obras solicitadas se entenden como maiores considerando así o informe técnico.

3º.- O art. 196 parágrafo 2º establece os supostos que esixan licenza de actividade clasificada ou de apertura e, ademais, licenza urbanística serán obxecto dunha soa resolución, sen perxuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa.

A proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade clasificada ou de apertura terá prioridade sobre a correspondente licenza urbanística. Se procedese denegar a primeira, notificaráselle así ao interesado e non será necesario resolver sobre a segunda.

Por tanto aos efectos de eliminar calqueira posible responsabilidade patrimonial da administración, de acordo cos art. 139 e seguintes da Lei 30/92 de Procedemento administrativo común, parecería oportuno resolver previa ou no seu caso simultaneamente sobre a licenza de apertura, con preferencia sobre a de obras, posto que de resolver favorablemente a licenza de obras denegando posteriormente o outorgamento de licenza de apertura produciríase un perxuízo para o particular derivado do actuar administrativo, do que a administración sería directamente responsable.

4º.- Aínda que do articulado da Louga e do Regulamento de servizos das entidades locais, non se deduza unha visita de comprobación previa antes do outorgamento da licenza definitiva, non obstante para a correcta comprobación do cumprimento da legalidade urbanística considero imprescindible a existencia da mesma, o cal podería ampararse nas chamadas “conditiones iuris” entendendo así a STS do 02/02/1989 “**que con estas conditiones iuris, faise viable o outorgamento dunha licenza completando extremos dun proxecto non axustado á ordenación urbanística sendo de añadir que tales condicións deben ser introducidas por virtude das esixencias do principio de proporcionalidade, cando a acomodación da petición á legalidade aplicable resulte posible con facilidade e sen alterar a actuación pretendida**”

5º.-A actividade non está incluída no decreto 133/2008.ao estar excluída no seu anexo terceiro.

CONCLUSIÓNS

Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas nos correspondentes informes técnico e xurídicos.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Primeiro.- Conceder Licenza de apertura provisional a **dona Susana Silva Alonso**, dunha actividade para peluquería na Carreiteira de Filgueira, No 23, desta vila.

Segundo.- Conceder licencia de obras para adaptación de local para peluquería a dona Susana Silva Alonso, que deberá aboar polo concepto de instalacións, construcións e obras o importe de 389,06€ .

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación,ou no caso concreto licencia de apertura e entrada en funcionamento, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o

outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Peluquería.

Contía na que se orzan as obras: 16.579,24 €

Situación e emprazamento das obras: Carreteira de Filgueira, No 23, desta vila.

Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras: Don Luis A. Chao Gómez.

Nome ou razón social do promotor: Dona Susana Silva Alonso

Prazos: O prazo de inicio das obras é de tres (3) mes e o prazo de remate de un (1) ano, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de apertura provisional.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 16.579,24 euros, práctase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, intalacións e obras por importe de 389,06 € a ingresar.

Outras condicións: As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente.

Unha vez finalizados os traballos se solicitará a licenza de primer funcionamento, debendo aportar o Certificado de Fin de Obra e o sinalado no punto 4.3 “Ensaio do informe de 22 de setembro deo 2009, R.E. 6000”.

A licenza de obra e actividade se acondicionará á eliminación dos elementos que acotan o frontal do edificio según o punto 5.2 do Informe Técnico mencionado.

CERTIFICACIÓN Nº6 DA OBRA DENOMINADA RENOVACION DE INSTALCION, DOTACION DE NOVOS SERVIZOS E PAVIMENTACION DE DIVERSAS RUAS NO NUCLEO URBANO.-

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 6 da obra denominada “Renovación de instalacións, dotación de novos servizos e pavimentación de diversas rúas no núcleo urbano”, redactada polo técnico director da obra Don Casimiro Fontenla Bugallo, executada pola empresa Construccións Hermanos Carrajo S.A. por un importe total de 82.574,93 euros.

A Xunta de Goberno Local unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 6, anteriormente indicada por importe de 82.574,93 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións do Fondo Estatal de Inversion Local do Ministerio de Administracions Públicas.

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Construcciones Hermanos Carrajo S.A. co nº 1071 , de data 31.10.09, pola mesma cantidade.”

3º.- Que se remita o correspondiente expediente o Ministerio de Administracions Públicas.”

XUSTIFICACION SUBVENCION PARA COFINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PUBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO NOS CONCELLOS DE GALICIA PARA O ANO 2009.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en relación a subvención concedida o abeiro da orde do 5 de febreiro de 2009 e co obxecto de xustifica-la mesma de acordo co artigo 18 da referida Orde, adopta os seguinte acordos:

1.- Prestar a súa conformidade as facturas emitidas pola empresa Entretempos Xestión Educativa do Lecer e a conseguinte toma de razón en contabilidade, co seguinte detalle (Orzamento das actividades por modalidades):

Orzamentos	Modalidade	Total	FACTURA
Come na escola	A	5.550,00 €	Entretempos-2009091
Obradoiros lúdico creativos	A	8.725,00 €	Entretempos-2009089 Entretempos-2009002
Matemática divertida	B	720,00 €	Entretempos-2009089 Entretempos-2009002
Informática	B	1.100,00 €	Entretempos-2009089 Entretempos-2009002
English class	B	1.100,00 €	Entretempos-2009089 Entretempos-2009002
Teatro	B	940,00 €	Entretempos-2009089 Entretempos-2009002
Voceiros	B	1.050,00 €	Entretempos-2009089 Entretempos-2009002
Pintura	B	940,00 €	A.P.A. Vila Ribadavia 5/09
Punto de información de itinerarios formativos e profesionais.	C	1.425,00 €	Entretempos-2009090
Análise da demanda de formación	C	630,00 €	Entretempos-2009087
Obradoiro de comunicación	C	440,00 €	Entretempos-2009088
Campamento urbano	D	4.970,00 €	Entretempos-2009006
Mañáns activas	D	2.760,00 €	Entretempos-2009006

2.- Que os fondos concedidos na citada subvención foron aplicados para esta finalidade.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO